

# AXUDAS POR DANOS DE XABARIL E LOBO

2025



**Axudas para paliar  
os danos producidos  
polo xabaril nos  
cultivos agrícolas**



# Axudas para paliar os danos producidos polo xabaril nos cultivos agrícolas

## Beneficiarios

Serán beneficiarios destas axudas os propietarios de explotacións agrarias onde se comprobren danos nos cultivos agrícolas producidos por xabaril, que estean inscritas no Rexistro de Explotacións Agrarias de Galicia (Reaga), e tamén os titulares de explotacións agrarias de autoconsumo onde se constaten os danos.

## Requisitos para solicitar as axudas

Os cultivos agrarios afectados polos que se solicita a axuda deben pertencer a unha persoa inscrita no Reaga: explotacións de carácter prioritario, de titularidade compartida, adheridas ao réxime de venda directa (Sevedi) ou outras explotacións. No caso dos cultivos agrarios de autoconsumo, o solicitante debe acreditar a titularidade da explotación.

## Ámbito temporal

Esta orde comprende as axudas para os danos producidos polo xabaril nos cultivos agrícolas que se comuniquen dende o 11/10/2024 ata o 10/10/2025.



**É IMPRESCINDIBLE COMUNICAR SEMPRE OS DANOS PARA PODER SOLICITAR AS AXUDAS**

## Comunicación do dano

No prazo máximo de tres días dende a produción dos danos, os titulares das explotacións deben chamar ao teléfono 012 para comunicar o dano á Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático; na chamada proporcionaráselles un código identificativo para acreditar á persoa e identificar o expediente.

O horario de atención telefónica é de 08:00-20:00 h, de luns a venres, e de 08:00 a 17:30 horas os sábados. Unha vez rexistrada a denuncia, o persoal da Consellería desprazarase para comprobar os danos e despois poderase seguir coa colleita ou continuar co cultivo afectado.

A partir do 11 de outubro de 2025 poderán realizarse as comunicacións dos danos de xabaril quedando condicionadas as axudas por danos do xabaril a unha nova convocatoria en 2026.

## Presentación de solicitudes

As solicitudes deben presentarse a través do formulario dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia cos mecanismos de identificación e sinatura admitidos, incluído o sistema Chave365.

<https://sede.xunta.gal> (código de procedemento MT809E)  
<https://sede.xunta.gal/chave365>

As persoas non obrigadas á presentación electrónica poden presentar o formulario presencialmente en calquera dos rexistros establecidos, dirixindo a solicitude ao Departamento Territorial da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático da provincia na que se produza o dano.

Para os danos comunicados con posterioridade á entrada en vigor das axudas, o prazo para a presentación da solicitude será dun mes contado a partir do día seguinte ao da comunicación do dano ao teléfono 012.

Para os danos comunicados a partir do 12 outubro de 2024 e a entrada en vigor da orde de axudas, o prazo será dun mes contado a partir da entrada en vigor da orde de axudas, debendo utilizarse os formularios de solicitude da convocatoria de 2026.

## Importe das axudas

O importe máximo por persoa beneficiaria fíxase en 2.750 €

### Baremo utilizado para o pagamento de axudas para paliar os danos producidos polo xabaril en cultivos agrícolas

Tipo de cultivo		Importe por m <sup>2</sup>
Código	Descrición	€/m <sup>2</sup>
MIG	Millo en gran	0,19
MIF	Millo forraxeiro	0,29
TRI	Trigo	0,14
CEN	Centeo	0,14
AVE	Avea	0,14
PRA	Pradaría	0,14
PAT	Pataca	0,51
FRU	Frutais (incluída vide)	3,72
HO1	Hortalizas 1 (cenoria, repolo e nabo)	0,79
HO1	Hortalizas 2 (coliflor, tomate, berexena, cabaciña, cebola, feixón verde, leituga, pemento e allo porro)	2,1
VID	Uva	3,63



**Axudas para paliar os  
danos producidos polo  
lobo ao gando**



# Axudas para paliar os danos producidos polo lobo ao gando

## Beneficiarios

Poden acollerse a estas axudas as persoas titulares de explotacións gandeiras do tipo de gando bovino, ovino, cabrún, porcino celta e equino afectadas por ataques de lobos ao seu gando dentro da comunidade autónoma.

## Requisitos do gando

O gando afectado debe pertencer a unha persoa titular dunha explotación gandeira inscrita no Rexistro Xeral de Explotacións Gandeiras de Galicia. O gando bovino, ovino e cabrún ten que cumprir cos requisitos sanitarios establecidos nos programas de control, vixilancia e erradicación de enfermidades que poden afectar ás especies gandeiras de acordo coa normativa aplicable para o efecto. No caso do gando porcino deberá pertencer á raza Celta, estar identificado individualmente e estar inscritos no Libro xenealóxico da raza.

## Ámbito temporal

Esta orde comprende as axudas para os danos producidos polo lobo que se comuniquen dende o 1/10/2024 ata o 30/09/2025.

## Comunicación do dano

**Nas 24 horas seguintes ao ataque ao gando en réxime intensivo e de tres días se está en réxime semiextensivo ou extensivo**, os propietarios das reses deben **chamar ao teléfono 012** para comunicar o dano; na chamada proporcionaráselles un código para identificar o expediente. O horario do 012 é desde as 08.00 ás 20.00 h de luns a venres, e desde as 08.00 ata as 17.30 h os sábados. Para os danos fóra deste horario, a comunicación farase nas 24 horas seguintes contadas desde as 20.00 horas do domingo.

Os animais mortos non poden manipularse ata que os axentes valoren os feitos e elaboren a acta; debe evitarse no posible a alteración do escenario do acto de depredación, e nunca trasladar o animal.

Para os danos producidos a partir do 1 de outubro de **2025** poderán realizarse as comunicacións dos danos de lobo, quedando condicionadas as axudas por danos do lobo a unha nova convocatoria en **2026**.

## Presentación de solicitudes

As solicitudes deben presentarse a través do **formulario** dispoñible na **sede electrónica da Xunta de Galicia** cos mecanismos de identificación e sinatura admitidos, incluído o sistema Chave365.

<https://sede.xunta.gal> (código de procedemento MT809B)

<https://sede.xunta.gal/chave365>

As persoas non obrigadas á presentación electrónica poden presentar o formulario presencialmente en calquera dos rexistros establecidos, dirixindo a solicitude ao Departamento Territorial da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático da provincia na que se produza o dano. Para os danos comunicados con posterioridade á entrada en vigor das axudas, o prazo para a presentación da solicitude será dun mes contado a partir do día seguinte ao da comunicación do dano ao teléfono 012. Para os danos comunicados dende o 1 de outubro de 2024 e a **entrada en vigor da orde de axudas**, o prazo será dun mes contado a partir da entrada en vigor da orde de axudas, debendo utilizarse os formularios de solicitude da convocatoria de **2025**.

## Consellos para previr danos de lobo ao gando

Instalar nos predios un peche con malla cinexética con fíos adicionais electrificados, ben na súa parte inferior, ben na superior, contribúe á protección do gando fronte a predadores. A implantación de peches con malla metálica axuda tamén a reducir os ataques ao gando.

Outra opción de prevención pasa por instalar un valado electrificado arredor da superficie na que se atope o gando. Os valados electrificados deberían ter polo menos cinco cables, colocados a unha distancia de entre 20 e 30 centímetros.

Recoméndase un óptimo manexo diario do gando para axudar a protexer os animais. Neste sentido, unha boa opción é contar con cans de garda, que deben estar co rabaño, e a intensificación da vixilancia dos animais o máximo posible.

## Importe das axudas

O importe das axudas por morte do gando detállase en anexo I da orde anual e ten en conta o dano emerxente e o lucro cesante.

Este importe incrementarase nun 10% nas explotacións nas que se comprobese a aplicación de medidas preventivas avaliadas como axeitadas pola comisión correspondente.

No caso de animais feridos, a axuda estimarase en función dos gastos veterinarios acreditados nunha contía fixada tamén nesta orde. Nos casos das reses afectadas que sobrevivan ao acto de depredación tamén serán suvencionables os abortos producidos como consecuencia do ataque de lobo.

O importe máximo da compensación dos gastos de eutanasia por animal establécese en 75 €.

## Baremo utilizado para o pago de axudas polos ataques do lobo

Especie	Clase e idade	Custo calidade normal	Custo calidade selecta (*)	Lucro cesante carne (femias)	Lucro cesante leite (femias)
Ovino	Cordeiro < 12 meses	110,11 €	127,40 €		
	Adulto ≥ 12 meses e < 6 anos	181,61 €	197,34 €	18,59 €	210,21 €
	Adulto ≥ 6 anos	41,47 €	48,62 €		
Cabrún	Cabrito < 12 meses	115,83 €	173,03 €		
	Adulto ≥ 12 meses e < 6 anos	161,59 €	207,35 €	10,01 €	318,89 €
	Adulto ≥ 6 anos	41,47 €	48,62 €		

Especie	Clase e idade	Custo raza Celta
Porcino	Leitón < 3 meses	130,13 €
	Porco ≥ 3 meses e < 6 meses	217,36 €
	Porco ≥ 6 meses e < 9 meses	288,86 €
	Porco da ceba ≥ 9 e < 12 meses	433,29 €
	Porco da ceba ≥ 12 meses	549,12 €
	Reprodutoras	520,52 €
	Reprodutora preñada	577,72 €
Reprodutor	650,65 €	

(\*) Razas de ovino-cabrún incluídas no catálogo oficial de Razas de Gando de España (anexo I do Real Decreto 2129/2008) ou calquera outra raza de ovino-cabrún de liña pura.

Especie	Clase e idade	Custo Rubia Galega	Custo outras razas autóctonas*	Custo vacún leiteiro	Custo resto de reses de gando vacún	Lucro cesante carne (femias)	Lucro cesante leite (femias)
Bovino	Becerro < 2 meses	533,39 €	629,20 €	418,99 €	418,99 €		
	Becerro ≥ 2 meses e < 4 meses	670,67 €	800,80 €	533,39 €	533,39 €		
	Becerro ≥ 4 meses e < 6 meses	1.131,13 €	1.465,75 €	979,55 €	979,55 €		
	Becerro ≥ 6 meses e < 1 ano	1.151,15 €	1.515,80 €	1.012,44 €	1.012,44 €		
	Vacún ≥ 1 ano e < 2 anos	1.537,25 €	2.009,15 €	1.675,96 €	1.341,34 €		
	Vacún ≥ 2 anos e < 6 anos	1.904,76 €	2.858,57 €	2.536,82 €	1.748,89 €	138,71 €	1.983,41 €
	Vacún ≥ 6 anos e < 9 anos	1.522,95 €	2.093,52 €	1.397,11 €	1.397,11 €	138,71 €	1.983,41 €
	Vacún ≥ 9 anos	913,77 €	1.141,14 €	763,62 €	763,62 €	138,71 €	1.983,41 €

Especie	Clase e idade	Custo Pura Raza Galega	Custo outros cabalos
Equido	Poldro < 2 meses	346,06 €	277,42 €
	Poldro ≥ 2 meses e < 4 meses	451,88 €	346,06 €
	Poldro ≥ 4 meses e < 6 meses	629,20 €	523,38 €
	Poldro ≥ 6 meses e < 1 ano	943,80 €	787,93 €
	Equino ≥ 1 ano e < 2 anos	1.006,72 € 859,43 €	781,30 €
	Equino ≥ 2 anos e < 10 anos	1.258,40 € 858,00 €	780 €
	Equino ≥ 10 anos	943,80 € 712,14 €	647,40 €
	Asnal < 1 ano		95,81 €
	Asnal ≥ 1 ano e < 10 anos		317,46 €
	Asnal ≥ 10 anos		238,81 €
	Mular < 1 ano		158,73 €
	Mular ≥ 1 ano e < 10 anos		476,19 €
	Mular ≥ 10 anos		354,64 €

## Departamento Territorial da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático

---

A Coruña  
Vicente Ferrer, 2  
15071 A Coruña  
Tel: 981 184 539

Ourense  
Rúa do Paseo, 18- 5º  
32003 Ourense  
Tel: 988 386 569

Lugo  
Ronda da Muralla, 70- 1º  
27071 Lugo  
Tel: 982 294 393

Pontevedra  
Avda. Victoria Moreno, 43-4º  
36071 Pontevedra  
Tel: 986 805 097

### Subdirección Xeral de Biodiversidade e de Recursos Cinexéticos e Piscícolas

---

Rúa de San Lázaro, s/n, 15781 Santiago de  
Compostela Tel: 981 546 114/981 546 115

### Oficinas de ASAGA

---

A Coruña  
Praza Carlos Casares  
Mouriño, 7, entrepranta  
15707 Santiago  
Tel: 881 019 550  
administracion@asaga.gal

Ourense  
Rúa Progreso, 74, baixo  
32003 A Rúa  
Tel: 988 310 812  
arua@asaga.gal

•  
Avda. da Milagrosa, 56  
15100 Carballo  
Tel: 981 702 090

Pontevedra  
Rúa Cartagena, 2  
36540 Silleda  
Tel: 986 581 566  
silleda@asaga.gal

Lugo  
Pazo de Feiras e Congresos  
Rúa Palomar, s/n  
27004 Lugo  
Tel: 982 263 982  
lugo@asaga.gal

•  
Rúa do Rodo, 62  
Tel: 986 781 477  
36500 Lalín  
lalin@asaga.gal

